

# REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO GRAO EN ECONOMÍA

*(Aprobado na Xunta de Facultade de 25 de maio de 2011)*

## Capítulo 1. Consideracións Xerais

### Artigo 1. Necesidade do Traballo Fin de Grao

No Plan de Estudos do Grao en Economía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) indícase que se esixe un Traballo Fin de Grao (TFG) para obter o título de Grao en Economía.

### Artigo 2. Obxectivo do TFG

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, o TFG consiste na elaboración, por parte do/a alumno/a, dun traballo persoal onde se integren (traballo de síntese) e apliquen os coñecementos e destrezas obtidos durante os estudos realizados na Titulación de Grao en Economía, e se desenvolvan as seguintes competencias:

- Ser capaz de definir os obxectivos do traballo, identificando o problema a resolver ou o obxectivo de coñecemento a alcanzar.
- Ser capaz de deseñar as tarefas, organizar os pasos a seguir para alcanzar os obxectivos e desenvolver o traballo de acordo co plan definido.
- Saber buscar e seleccionar información relevante para o caso, problema ou obxecto de estudo, a partir de fontes do nivel de libros de texto avanzados, e incorporando algunhas achegas de textos científicos especializados.
- Facer uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo, e integrar con eles a nova información conseguida.
- Ser capaz de organizar a información da que dispón e presentala de forma clara, sistemática e precisa, para que sexa comprendida por outras persoas.
- Saber identificar as limitacións e/ou carencias do traballo realizado e propoñer suxestións de cara ao futuro.

### Artigo 3. Número de Créditos

Segundo aparece recollido no Plan de Estudos, o TFG ten asignados 6 créditos ECTS obrigatorios.

### Artigo 4. Contidos do TFG

O/a estudante deberá realizar e presentar un traballo no que demostre as competencias adquiridas ao longo dos seus estudos. Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de esquemas, redacción e presentación. Dependendo da temática que se aborde poderá incluír, ademais, unha parte empírica sinxela ou unha análise de casos.

### Artigo 5. Funcións en relación co TFG da Comisión Académica do Grao en Economía

A Comisión Académica do Grao en Economía é a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida neste regulamento (e interpreta se fose o caso), aprobar os Temas e Títulos dos TFG, propoñer as Comisións de Avaliación e autorizar a Presentación Oral dos TFG.

A Comisión Académica do Grao en Economía velará pola dispoñibilidade da lista dos Temas e Titores dos posibles TFG, correspondentes a cada curso, e a súa asignación aos estudantes matriculados antes do 31 de outubro.

#### Artigo 6. Autoría

Cada TFG realizarase por un só alumno.

#### Artigo 7. Requisitos dos Alumnos para Matricularse no TFG

Poderán matricularse para a realización dun TFG os alumnos do Grao en Economía que teñan superados 150 créditos básicos e obrigatorios do Plan de Estudos, de entre eles a totalidade de 1º e 2º curso.

## Capítulo 2. Propostas, Titores e Asignación dos TFG

#### Artigo 8. Titor do TFG

Todo TFG require un Titor que será Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación no Centro, ou adscrito a Departamentos con créditos de formación básica ou obrigatoria na Titulación no Centro.

Os TFG poden desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións, ou no marco de convenios de intercambio de estudantes (ERASMUS, SICUE...), sempre que o convenio o permita.

Caberá a posibilidade dun Cotitor no suposto de que as características do TFG ou do Titor así o aconsellen.

#### Artigo 9. Temas dos TFG

O Centro fará unha estimación do número de propostas de Temas para os TFG necesarias en cada curso académico. O Decanato informará a cada Departamento, no momento da elaboración do PDA, sobre cantas destas propostas lle corresponde presentar. Os Departamentos enviarán as propostas de Temas á Comisión Académica do Grao en Economía antes do 30 de xuño.

A Comisión Académica do Grao en Economía aprobará e publicará a lista de Temas e Titores antes do 20 de xullo.

#### Artigo 10. Asignación dos Temas

O alumno cubrirá un formulario, dirixido á Comisión Académica do Grao en Economía, cos cinco Temas que máis lle interesen, por orde de preferencia, e entregaráo no Decanato antes do 30 de setembro. Como máximo quince días despois, a Comisión Académica do Grao en Economía publicará, unha lista coa asignación provisional dos TFG dispoñibles.

A asignación de propostas realizarase, tendo en conta as preferencias expresadas polo alumno na petición de asignación, seguindo un criterio de prioridade en función do expediente académico de cada solicitante.

No caso de que haxa estudantes aos que non se lle asignou ningunha das propostas elixidas na solicitude, a Comisión repetirá o proceso cos Temas dos TFG non asignados, e nese momento indicará as datas nas que fará pública a nova asignación de Temas dos TFG.

Os/As estudantes asignados/as a propostas de Temas do TFG deberán contactar co/a Titor/a do TFG a fin de delimitar o Título do TFG. Os/As estudantes entregaranlle á Comisión Académica do Grao en Economía, a través do Decanato e polo menos antes do 10 de novembro, un formulario coa seguinte información.

- a) Nome do/a Titor/a e Departamento
- b) Nome do/a alumno/a
- c) Título do TFG

- d) Breve descripción do contido do TFG
- e) Firma do profesor e do alumno, e data

A Comisión Académica do Grao en Economía aprobará os Títulos dos TFG e publicaraos, como data límite, o 20 de novembro

#### Artigo 11. Funcións do Titor

O Titor programará sesións de traballo co estudante, que serán as que indique a normativa da USC, nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar e orientará o traballo.

### Capítulo 3. Características dos Traballos Fin de Grao

#### Artigo 12. Extensión do TFG

A extensión do TFG será de entre 6.000 e 10.000 palabras.

#### Artigo 13. Traballo a Presentar

O documento presentado amosará o traballo desenvolvido polo alumno. Como norma xeral, incorporará como mínimo os seguintes apartados:

- a) Páxina inicial: Nesta páxina aparecerá
  - i) O título completo do TFG
  - ii) O seguinte parágrafo: "Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Economía"
  - iii) Curso académico de presentación
  - iv) Nome do estudante
  - v) Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela

b) Breve resumo de 300 palabras como máximo. Nesta mesma páxina indicárase o número de palabras do traballo.

c) Índice de contidos, de táboas, etc.

d) Introducción: nela polo menos figurarán os obxectivos do TFG.

e) Planificación: debe incluír cal foi a planificación temporal do traballo e a división en fases e tarefas.

f) Traballo realizado: incluírá o desenvolvemento do TFG. No caso de que o traballo inclúa unha parte empírica ou unha análise de casos, estará descrita e presentada neste apartado.

g) Conclusións e posibles ampliacións: debe incluír de que xeito o traballo realizado cumpre os obxectivos do apartado d), así como cales son as limitacións do traballo e as posibles ampliacións.

h) Bibliografía: incluírá, polo menos, a bibliografía empregada para a realización do traballo.

O formato no que ten que ser presentado o TFG será publicado pola Comisión Académica do Grao en Economía.

### Capítulo 4. Entrega dos Traballos Fin de Grao

#### Artigo 14. Prazo para a Presentación

A Xunta de Facultade aprobará e publicará os períodos de presentación do TFG, xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

## **Artigo 15. Requisitos para a Presentación do TFG**

É requisito imprescindible para o depósito do TFG ter superados todos os créditos da titulación e estar matriculado do TFG. O alumnado deberá entregar copia do expediente académico.

O alumno entregará no Decanato tres copias do TFG xunto cunha copia electrónica en formato PDF, e un formulario no que fará constar a solicitude de Exposición Oral, que debe levar o visto e prace do Titor do TFG, ou Cotitor se procede. Neste formulario, o título do TFG deberá especificarse en galego, castelán e inglés.

## **Capítulo 5. Tribunais de Avaliación**

### **Artigo 16. Composición**

O tribunal encargado de avaliar os TFG estará formado por tres membros. A composición do Tribunal será a seguinte:

1. Un membro que será Persoal Docente ou Investigador con docencia na Titulación no Centro pertencente ao Departamento do Titor do TFG.
2. Dous membros que serán Persoal Docente ou Investigador adscrito a Departamentos con carga básica ou obrigatoria na Titulación no Centro e que non pertencerán ao Departamento do Titor do TFG.

### **Artigo 17. Nomeamento**

Os membros dos Tribunais encargados de avaliar os TFG, e os suplentes, serán designados polo/a Decano/a, a proposta da Comisión Académica do Grao en Economía.

## **Capítulo 6. Exposición Oral do TFG**

### **Artigo 18. Convocatoria de Exposición**

A Comisión Académica do Grao en Economía aprobará e publicará a data da Exposición Oral do TFG, que terá lugar nun prazo mínimo de 7 días desde o remate do prazo de entrega do TFG e da solicitude de Exposición Oral.

### **Artigo 19. Exposición Oral**

A Exposición Oral do TFG realizado terá unha duración máxima de 15 minutos por alumno, e non terá carácter de acto público. O Tribunal de Avaliación poderá formular cantas preguntas e cuestións considere convenientes.

## **Capítulo 7. Avaliación do TFG**

### **Artigo 20. Criterios de Avaliación**

Os membros do Tribunal de Avaliación realizarán un informe, segundo o modelo que se elaborará para estes efectos, no que avaliarán, de 0 a 10, os seguintes aspectos:

- a) Calidade do Proxecto: cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, dificultade, conclusións, etc.
- b) Presentación escrita do TFG: presentación xeral (lexibilidade, redacción, ortografía, etc.), estruturación e completitude, corrección, etc.
- c) Presentación Oral: concisión, claridade, defensa do TFG, etc.

O Titor do TFG elaborará un informe que o Tribunal de Avaliación deberá ter en conta no momento de cualificar o traballo.

A cualificación final outorgada por cada membro da Comisión ó TFG obterase de acordo coa seguinte ponderación:

- a) Calidade do TFG (C): 65%.
- b) Presentación escrita do TFG (PE): 20%.
- c) Presentación oral (PO): 15%.
- d) Cualificación Final:  $0,65 \cdot C + 0,20 \cdot PE + 0,15 \cdot PO$  (indicada cunha cifra decimal).

A cualificación final do TFG obterase como media xeométrica (indicada cunha cifra decimal) das cualificacións outorgadas polos membros da Comisión.

#### Artigo 21. Proceso de Avaliación

- a) Cada membro da Comisión de Avaliación cualificará os apartados a) e b) dos Criterios de Avaliación (Artigo 20). Cando os membros da Comisión consideren que o TFG non é apto para a presentación oral ( $0,65 \cdot C + 0,20 \cdot PE$  inferior a 4), o Presidente do Tribunal de Avaliación remitiralle esta decisión á Comisión Académica do Grao en Economía coa debida xustificación, interrompéndose o proceso de avaliación.
- b) O Presidente do Tribunal de Avaliación realizará a Convocatoria de Exposición Oral.
- c) Unha vez realizada a Exposición Oral, os membros do TA comunicaranlle ao Presidente, mediante escrito razoado, a cualificación do TFG.
- d) A cualificación farase pública polo Tribunal de Avaliación nun prazo máximo de dous días desde a data de Exposición Oral do traballo.

#### Artigo 22. Outras Situacións nas que se Interrompe o Proceso de Avaliación

A Comisión Académica do Grao en Economía ou o Tribunal de Avaliación poderán interromper o proceso de avaliación se concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) Desenvolver o TFG de xeito notoriamente alleo aos contidos propios do Grao en Economía.
- b) Non describir no TFG algún dos apartados indicados no Artigo 13.

A Comisión Académica do Grao en Economía ou o Tribunal de Avaliación interromperán necesariamente o proceso de avaliación se se presenta un TFG que coincida co traballo realizado polo alumno noutras materias ou actividades da Titulación, ou que non sexa orixinal.